



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Ante a situación que a OMS declara como pandemia polo Covid 19 e todas as medidas adoptadas polo Goberno Central e a Xunta de Galicia, o goberno municipal en reunión co comité de empresa , pactou as seguintes medidas preventivas:

MEDIDAS PREVENTIVAS DO CONCELLO DE CANGAS ANTE A CRISE DO COVID 19

A situación na que vai evolucionando a pandemia do coronavirus e acorde coas medidas adoptadas polas autoridade sanitarias estatais e autonómicas, esixe que adoptemos unhas medidas responsables e de exemplo que poidan garantir a saúde dos traballadoras/es e empregadas/os públicos para continuar coa prestación dos servizos esenciais e tamén do conxunto da cidadanía na súa relación co Concello.

Acorde coas reunións do Comité de Prevención de Riscos, Responsable do Centro de Saúde de Cangas e Corpos de Seguridade , acordase o seguinte conxunto de medidas:

Primeira: Actividades municipais e espazos de xestión municipal.

- Suspéndense os seguintes servizos municipais: Actividades de Envellecemento Activo (Ioga, Ximania, Risoterapia, Pintura...), Apoio Socioeducativo (Rais), Atención Temperá, Escola de Pais, Conservatorio, Escola de Música Municipal, Bibliotecas Municipais, Piscina.
- Suspéndense todas as actividades, actos e eventos deportivos, culturais e lúdicos organizados polo Concello.
- Manteranse pechados ao público as seguintes instalación municipais: Centro Socio Comunitario, Conservatorio, Escola de Música, Bibliotecas Municipais, Casa da Cultura, Casa da Xuventude, Piscina Municipal, Ludoteca, Casa do mar de Aldán e Parques Intanfís.
- Suspéndese todas as actividades nos centros sociais e culturais municipais e nas instalación deportivas de xestión municipal.

Segundo.- Servizos Municipais





Concello de Cangas

O Concello de Cangas e outras instalacións municipais permanecerán pechadas dende o día 16 de marzo ata novo aviso.

Comunicaremos á cidadanía que deben facer uso dos medios electrónicos e telefónicos para realizar xestións coa Administración local. Como tlf de contacto 986300050 e email info@cangas.gal. Os tlfs de contacto de cada área tamén os poden atopar na páxina web do concello.

Que para o Rexistro Xeral empregárase a sede electrónica é só en caso de extrema necesidade e urxencia soamente, con previa cita telefónica, facilitarase unha atención presencial.

A entrada principal da casa do Concello e outras dependencias como Servizos Sociais permanecerán pechadas ao público.

Terceiro.- Adaptación da xornada laboral

O persoal deberá acudir ao posto de traballo na xornada habitual. Podendo solicitar unha adaptación da xornada en función dos requisitos de conciliación laboral e familiar, que deberán presentar no departamento de persoal debidamente motivada.

Cuarto.- Medidas de hixiene nos centros de traballo

- Todos os baños dos edificios municipais contan con solución hidroalcohólica e xabón para unha hixiene adecuada. E unhas guías para facelo de forma correcta.
- O persoal de limpeza xa recibiu a formación requerida para a presente situación e que están levando a cabo dende o xoves. Reforzando nos espazos donde siga existindo actividade laboral.

Quinto.- Creación do Comité de Emerxencia.

Os componente do Comité de emerxencia serán, Alcaldía, Concelleiras de Persoal e Sanidade, Voceiros Municipais, Pte Comité e Funcionarios, Policía e Protección Civil.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3FC5ZRPKG2XQF2EPAAZ9GJUR | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello de Cangas

Todas estas medidas serán de aplicación a partir do 16 de marzo do 2020, por unha duración mínima de quince días, pero sen prexuízo da súa modificación ou prórroga en función da evolución da situación e as recomendacións ou disposicións que se diten pola Autoridade competente.

Por todo elo, **RESOLVE**

Aprobar as medidas contempladas na presente resolución e dar traslado das mesmas ao persoal municipal polo Comité de Persoal, á veciñanza en xeral e a aquelas institucións ás que poidan afectar.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3FC5ZRPKG2XQF2EPAAZ9GJUR | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3